

TRIP TO DUBLIN - 2015

Organización: Departamento de Inglés – Profesoras acompañantes (Isabel Doviso e Paula Pazos)

Datas: 30/04/2015 – 05/05/2015 (6 días / 5 noites)

Alumnado ao que se dirixe: Estudantes de inglés da EOI de Santiago. A viaxe ten un marcado carácter didáctico, polo que se recomenda especialmente para alumnos/as de nivel intermedio 1 en adiante. O alumnado de básico deberá ter presente a dificultade que supón seguir e comprender o exposto en visitas guiadas en lingua inglesa.

Itinerario previsto:

Día 1: Santiago – Dublín: Presentación no aeroporto de Santiago de Compostela para trámites de facturación e embarque. Saída ás 16:15 en voo directo de Aer Lingus EI743 con destino a Dublín. Chegada estimada ás 17:20 hora local. Recollida de equipaxe e traslado en autocar privado ao hotel. Acomodación e aloxamento.

Día 2-5: Dublín: Estancia no hotel en réxime de aloxamento e almorzo. Planificación de actividades culturais programadas.

Día 6: Dublín – Santiago: Traslado dende o hotel ate o aeroporto de Dublín. Trámites de facturación e embarque. Saída en voo directo de Aer Lingus EI742 ás 12.30, chegada a Santiago a las 15:35. Recollida de equipaxe e fin da viaxe.

Prezo: 610 eur, incluíndo:

- Billete de avión en clase turista de Air Lingus e voo directo de Air Lingus Santiago/Dublín/Santiago.
- Taxas de aeroportos e combustible.
- Facturación de unha maleta de ate 20 kg / persoa y unha peza de equipaxe de man de ate 10 kg e medidas máximas 55 x 40 x 20 cm.
- Servizo de autocar para traslados dende o aeroporto de Dublín ao hotel e viceversa.
- Estancia de 5 noites con almorzo incluído.
- Aloxamento en habitacións dobres (posibilidade excepcional de habitación tripla).
- Póliza de Seguro de Asistencia e de Responsabilidade Civil.

Hotel: Hotel Hartcourt (<http://www.harcourthotel.ie/?lang=es>)

Este céntrico hotel de Dublín atópase en Harcourt Street con St. Stephen Green, no centro de Dublín. O hotel actualmente incorpora oito edificios xeorxianos catalogados, un deles a antiga casa de George Bernard Shaw. Todas as habitacións contan con baño, TV, teléfono de liña directa, cafeteira / teteira e secador de pelo. Ademais están equipadas con prancha e táboa de pranchar.

Reserva de prazas: Estando limitado o número de participantes a 30 estudantes, o proceso a seguir para reservar praza na actividade será o seguinte: a partires das 00.00 h do día 19/12/14 os/as primeiros/as 30 alumnos/as en comunicar vía email a súa vontade de reservar praza ao enderezo triptodublin@gmail.com serán os/as elixidos. O resto de alumnado quedará en reserva.